



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO
CELEBRADA O DÍA 19 DE SETEMBRO DE 2006.**

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente Accidental:

D. FRANCISCO XABIER CARREIRA
SEBIO

Concelleiros/as:

D. JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ
(PSOE)

D. CONSTANTINO AREDA VIDAL
(PSOE)

D. JAVIER IGLESIAS SENDÍN
(PSOE)

D^a LUISA DEL CARMEN
ESCUADERO CENTRÓN (BNG)

D. CELSO SOTELO BARROSO (PP)

D. JULIO DABARCA CUIÑAS (PP)

D^a MARÍA MARTÍNEZ ABAL (PP)

D. CARLOS A. PINAL HERMIDA
(PP)

NON ASISTEN:

DON MARCOS BLANCO JORGE
(P.S.O.E.).

D. SECUNDINO RODRÍGUEZ
GÓMEZ (PP)

D^a. MANUELA IGLESIAS
COLLARTE (PSOE)

D. BRAULIO EXPÓSITO SOBRINO
(PP)

Secretario Xeral:

Vicente Soto Rodríguez

Interventor:

Vicente Soto Rodríguez

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as 13:30 horas do día DEZANOVE DE SETEMBRO de 2006 reúnese en sesión extraordinaria e urxente, e en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as relacionados na marxe, actuando como Secretario, Vicente Soto Rodríguez, asistindo o responsable do departamento de Intervención, Vicente Soto Rodríguez.

Comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida celebración da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese ao análise dos puntos da orde do día.

1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA CON CARÁCTER PREVIO Á CELEBRACIÓN DA SESIÓN.

Intervén o Sr. Alcalde, para explicar a urxencia da sesión, sinalado que ven determinada pola feito que a proposta de festas locais debese remitir a Delegación Provincial da Consellería de Traballo con anterioridade o día 20 de setembro.

De seguido procédese á votación, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, cinco (P.S.O.E. e B.N.G.); abstencións, catro (P.P.).-Por conseguinte, por maioría fica aprobada a urxencia da sesión.

2.- FESTIVOS LOCAIS 2007.-

Pola Presidencia dáse conta do escrito da Delegación Provincial da Consellería de Traballo, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 11 de setembro de 2006, no que se comunica ao Concello que debe proceder a elaborar a proposta do Pleno das dúas festas locais, conforme o previsto no artigo 37.2 do Estatuto dos Traballadores, debendo remitir a mesma á Delegación antes do 20 de setembro do 2006.

De seguido, o Sr. Carreira Sebio, propón como festivos locais os días 7 de setembro e o martes de Entroido.

Intervén o Sr. Sotelo Barroso, voceiro do grupo municipal do P.P., para manifestar a súa protesta por non haber convocado a Xunta de Voceiros co obxecto de tratar de consensuar os días tal como se viña facendo en anos pasados; de seguido propón como días festivos o día 30 de abril (coincidiría coa feira do Viño) e o martes de Entroido .

Despois dunhas breves intervencións dos presentes, o Sr. Carreira Sebio, manifesta que non existe inconveniente algún en aceptar a proposta presentada.

Sen máis, pásase a votación, resultando aprobado por unanimidade dos asistentes, o seguinte acordo:

“Primeiro..- Propoñer a fixación como días festivos locais do día trinta de abril e o día correspondente o Martes de Entroido.

Segundo..- Remitir a proposta a Delegación Provincial da Consellería de Traballo.”

Concluído o anterior, ás dúas do mediodía, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia rematouse a sesión no lugar e data ao principio sinalados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE ACCTAL,

O SECRETARIO,

